

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	OS BLANCOS
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa María de Covelas
<b>Dirección</b>	Lugar de Covelas, 66. 32634
	42.002101 -7.721999
<b>Protección</b>	
<b>Descrición</b>	<p>Representación desa arte do século XVI que, sen abandonar as concepcións góticas, ensaia novas solucións máis decorativas que de estrutura.</p> <p>A igrexa é orixinariamente románica, pero engádeselle nas primeiras décadas do século XVI unha cabeceira de planta cadrada, e amplíase posteriormente a construción cara ao oeste. Non faltan reformas nos séculos posteriores.</p> <p>Como a inmensa maioría dos templos en etapas anteriores ao barroco, decorou os seus muros con pinturas que invitaban á devoción e ilustraban dogmas e crenzas. As pinturas de candeas son renacentistas, e os temas representados son a Asunción de María, o nacemento e o anuncio aos pastores. Son franxas decorativas con anxos, escudo e o emperador Carlos e a súa esposa Isabel de Portugal.</p> <p>Igrexa realizada en perpiaño, de planta rectangular, cunha sancristía a cada lado, unha de maior tamaño e presberio máis elevado. A cuberta é de tella do país a dúas vertentes.</p> <p>Na fachada principal ábrese unha portada con arco de medio punto con grandes doelas. O campanario con espadana de dobre arco de medio punto albergando cadansúa campá e remate triangular con vano de medio punto coroado por cruz. A súa fachada orixinal non se corresponde coa que se ve na actualidade.</p> <p>Na fachada lateral esquerda ábrese unha porta con arco en gola e a liña de imposta avanzada e ventá rectangular abucinada. Na cornixa deste paramento aparecen unha serie de canzoriños románicos. A fachada traseira ten as esquinas achafranadas onde se sitúan dous contrafortes, entre eles hai unha ventá rectangular gótica con arco apuntado e abucinado. No seu interior sinxela trazaría con orificio trebolado, que albergaría a imaxe de Santa Bárbara. Na súa cornixa presenta canzoriños decorados: animal cuadrúpedo, cabeza de cabra, barril, rá?, rostro humano, cabeza de animal (xabarín/raposo?), rostro humano con sombreiro e orellas, cabeza de animal, dúas figuras humanas de pé unidas pola testa, motivo vexetal (folla/árbore?). Na cornixa da fachada lateral dereita tamén atópase decorada con canzoriños: unha serie de canzoriños sen decorar, cabeza de animal, barril, rostro humano, cabeza de animal e rostro humano. No lateral esquerdo hai unha serie de bancos adosados ao paramento.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	4
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)

**Data**

16-06-2026

**Campás actuais**

<b>Localización</b>	<b>Campá</b>	<b>Fundidor</b>	<b>Ano de fundición</b>	<b>Diámetro (en cm)</b>	<b>Peso</b>
Espadana	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">RUIZ</a>	1869	47.5	62
Espadana	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">BLANCO ISLA, GREGORIO (PACIOS) (RIBAS ALTAS)</a>	1901	57.5	110

Información completa: [Igrexa de Santa María de Covelas - OS BLANCOS \(GALICIA\)](#)

PDF (04-07-2026)